



Estás a buscar un novo reto? Queres formar parte dun equipo que recompensa o talento?

Merlín Software é unha empresa nova, situada na Coruña, que aposta polos proxectos motivadores, desafiante e con visión a longo prazo. Gústanos coidar o crecemento profesional dos nosos empregados. Actualmente, seguimos ampliando o noso equipo, polo que, se estás a buscar un cambio, esta é a túa oferta!

Quen somos e que facemos?

Somos un equipo técnico xeitoso, que se considera unha familia (sen drama), e o que nos importa é que te sintas a gusto traballando e que teñas sempre oportunidades de crecer e aprender.

Que che espera no día a día?

- Escribir código de calidade, pensando na eficiencia, escalabilidade e mantibilidade do sistema.
- Refinar e mellorar solucións técnicas, revisando código e optimizando o que xa existe.
- Axudar a definir e deseñar funcionalidades, participando activamente nas decisións técnicas.
- Colaborar estreitamente co equipo para aliñar as solucións técnicas cos obxectivos do proxecto.
- Aprender e aplicar novas tecnoloxías, adaptándote aos desafíos que xurdan.

Que agardamos de ti?

- Que sexas estudante de último ano de Enxeñaría e Informática ou que remataras o grao.
- Ganas de aprender e non ter medo a probar cousas novas. Hoxe desenvolvemento, mañá DevOps ou QA.
- Entender que ninguén o sabe todo ao principio, pero con actitude, aprenderás rápido.
- Gozo ao colaborar en equipo e achegar ideas. Aquí todos aprendemos uns dos outros.

Que che ofrecemos a cambio?

- Plan de carreira claro e personalizado. Importa o teu desenvolvemento a medio e longo prazo.
- Traballo 100% remoto. Dá igual desde onde traballes, mentres teñas conexión e ganas.
- Formación constante e apoio. Se algo non o sabes, aprenderalo co noso equipo.
- Un equipo próximo, onde todos estamos dispostos a axudar e respectamos o teu tempo libre.
- Beca remunerada.

E o máis importante: vas traballar da man cun equipo técnico do que aprenderás moito. Aquí, todos estamos a aprender e mellorar xuntos. Se iso é o que buscas, gustarache o que temos para ofrecer!